



Sección de contratación SPELO		
Contrato de servicios		
Procedemento aberto		
Tramitación ordinaria		
Documento	Expediente	Data Creación:
CON1311N8	CON/34/2018	09-10-19 13:47

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONETDADE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPEDIENTE: CON/34/2018

En cumprimento das esixencias legais establecidas nos artigos 28, 63.3 a) e b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) redáctase esta memoria na que se expresa a necesidade do contrato, o prazo de duración, o orzamento base de licitación, o obxecto do contrato e o procedemento de licitación.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor proponente:..... Réxime Interior (número 37)

Persoa responsable do seguimento:..... Juan Carlos Porrúa Pardal

2. OBEXECTO DO CONTRATO

Este contrato ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza nos edificios e instalacións do Concello de Santiago de Compostela e dos locais conveniados ou cedidos para uso público comunitario.

A relación de inmobles e espazos obxecto do contrato coa súa localización e superficies aparece reflectida no Anexo I, e aquelas que poidan incorporarse, previa a tramitación prevista na lexislación aplicable, durante a vixencia do contrato.

Para o seu cumprimento as empresas licitadoras deberán detallar as frecuencias de limpeza, horas de servizo e prezos globais, tipo de inmoble e tipo de espazo, consorte o modelo de presentación de oferta técnica que figura no Anexo III.

3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

O procedemento máis adecuado para levar a cabo a licitación é o procedemento aberto ao abeiro do previsto nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP, para facilitar a libre concorrencia e os principios de non discriminación e de igualdade de trato entre todos os posibles licitadores, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.



Sección de contratación SPELO		
Contrato de servizos		
Procedemento aberto		
Tramitación ordinaria		
Documento	Expediente	Data Creación:
CON13I1N8	CON/34/2018	09-10-19 13:47

Con este procedemento asegúrase unha maior competencia entre as persoas ou entidades licitadoras, o que necesariamente redundará nunha adxudicación do presente contrato de servizos a unha mellor relación calidade-prezo.

4.- DIVISIÓN POR LOTES

De conformidade co disposto no artigo 99.3. parágrafo segundo da LCSP, o presente contrato NON será obxecto de división en lotes polas razóns seguintes:

De cara á supervisión, por parte do persoal técnico municipal, da correcta execución dos traballos de limpeza e ao control do cumprimento das periodicidades establecidas no prego de prescricións técnicas para a súa realización, resulta máis eficiente contar cunha única persoa ou entidade adxudicataria encargada deste servizo en todos os edificios e instalacións do Concello de Santiago de Compostela.

Unha persoa ou entidade adxudicataria para a limpeza de cada un dos edificios municipais suporía a realización das tarefas de limpeza en momentos temporais diferentes; feito que implicaría que o persoal técnico do concello responsable do control da execución das prestacións realizadas estaría levando a cabo de forma continuada ese control; pola contra ao ser un só adxudicatario poderá realizar as tarefas de limpeza periódica de todos os edificios de maneira agrupada nun mesmo día.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

O Concello de Santiago de Compostela ten a necesidade de proceder á subscrición do contrato do servizo de limpeza dos edificios e instalacións dependentes, por canto se trata dun servizo básico para o carece de medios propios dispoñibles, tanto persoais como materiais, o cal xustifica a necesidade de contratar con empresas privadas para a execución do contrato descrito.

A empresa contratista deberá dispor dun cadro de persoal necesario para atender as súas obrigas, dotalo dos medios materiais necesarios para un óptimo desempeño do servizo, e manter unha organización dilixente acaída á natureza e obxectivos do servizo contrato, segundo se establecen no prego de prescricións técnicas.

O presente contrato non altera as previsións municipais sobre a estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de acordo cos principios establecidos no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2013, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

A solvencia acreditarase, indistintamente, mediante a clasificación no Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 5, ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación e detallados no prego de cláusulas administrativas, de conformidade co disposto no artigo 77 en relación co artigo 37 da LCSP.



Sección de contratación SPELO		
Contrato de servicios		
Procedemento aberto		
Tramitación ordinaria		
Documento	Expediente	Data Creación:
CON13I1N8	CON/34/2018	09-10-19 13:47

7.- NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

90910000- Servizos de limpeza

90911200- Servizos de limpeza de edificios

90919200-8- Servizos de limpeza de oficinas

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato ascende a 4.927.540,68 euros (sen IVE). Inclúe as dúas anualidades do contrato e as dúas posibles prórrogas.

Valor estimado dos servizos	2.463.770,37euros
Valor estimado da prórroga	2.463.770,37 euros
TOTAL DO VALOR ESTIMADO	4.927.540,68 euros

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

Existe crédito axeltado e suficiente nas aplicacións orzamentarias 030-34200-22700, 030-33403-22700 e 030-92000-22700

10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Tipo de licitación	2.463.770,37 euros
IVE	517.391,71 euros
TOTAL	2.981.162,14 euros

11.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O prazo de vixencia do contrato é de DOUS (2) ANOS, a partir da data de sinatura do mesmo.

O prazo de vixencia do contrato poderá prorrogarse, por mutuo acordo das partes, anualmente e por un máximo de DOUS anos adicionais, mediante comunicación expresa cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento, sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos.



Sección de contratación SPELO		
Contrato de servicios		
Procedemento aberto		
Tramitación ordinaria		
Documento	Expediente	Data Creación:
CON13I1N8	CON/34/2018	09-10-19 13:47

12.- ARGUMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

A forma de pagamento será mensualmente, contra entrega da correspondente factura e conformidade de ter realizado o traballo obxecto do contrato.

Polo exposto, entendemos que está fundamentada a necesidade desta contratación, así como a idoneidade do obxecto e contido da mesma para a contratación do servizo consistente na execución dos traballos de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Este informe de necesidade de contratación ten o carácter de informe da unidade administrativa ou centro xestor promotora do contrato referido segundo o estipulado nos artigos 28 e 116.1 da Lei de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

O director da Área de Réxime Interior

A concelleira de Economía,
Facenda, Contratación, Persoal e
Modernización da Administración Local

Juan C. Porrúa Pardal

Marta Abal Rodríguez

Firmado por JUAN CARLOS
PORRÚA PARDAL - 35437060V el
día 21/10/2019 con un
certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL
PERSONS - 2016

Firmado por MARTA ABAL
RODRÍGUEZ - 44480125B el día
21/10/2019 con un
certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL
PERSONS - 2016